



CANTATA COMUNAL

→→  ←←

Unha canción. Unha praza. Toda unha comunidade.

Unha experiencia participativa de gran formato que converte
unha canción pertencente á memoria colectiva nun ritual
contemporáneo de comunidade.



CANCIÓN

Memoria e identidade



PREPARACIÓN

*Activación
da comunidade*



ENCONTRO

*Participación
interxeracional*



INTERPRETACIÓN

*Ritual
contemporáneo*



PRAZA

*Ocupación performática
do espazo público*



CANTATA

*Repertorio coral,
popular e galego*



→→  ←←

MAIS CANTOS

Cantar xuntos para crear comunidade





UNHA CANCIÓN QUE NOS PERTENCE



Hai cancións que deixan de pertencer a quen as escribiu.
Pasan de xeración en xeración, quedan asociadas a un lugar,
a unha memoria, a unha maneira de sentir e acaban
formando parte da **biografía colectiva** dunha comunidade.

A Cantata Comunal parte dunha pregunta aparentemente sinxela:

Cal é a canción da túa vila?



Cantiga de Camariñas. • **Fisterra**. • Catro vellos mariñeiros.
Vivir na Coruña. • Pontevedra é boa vila. • Os meus amores. • **O Himno Galego...**



Cada territorio garda cancións capaces de
activar **memoria**, **emoción**, identidade e **pertenza**.



Non escollemos unha canción para que unha comunidade a cante.

Buscamos a canción na que esa comunidade xa habita.





—●—
Hai experiencias
que comezan cunha
idea pequena
e acaban formando
parte da **memoria**
dun pobo.

—●—

GRÂNDOLA VILA MORENA

Unha canción pode **mobilizar** toda unha **comunidade.**

Hai anos, **Nelson Quinteiro e Mais Cantos** comezamos a explorar en Pontevedra unha idea aparentemente sinxela: reunir unha comunidade arredor dunha única canción e convertela nun acontecemento colectivo no espazo público.

A Cantata Comunal do Grândola Vila Morena, impulsada inicialmente en colaboración co **Ateneo de Pontevedra** e desenvolvida actualmente baixo o paraugas da **UNED Sénior**, xunto coa **Banda de Música Unión de Lantaño de Portas**, converteuse nun dos grandes fitos anuais da comunidade Mais Cantos.

Cada edición reúne música, memoria e participación arredor dunha canción que transcende a propia música: **palabra, mensaxe, liberdade**, memoria colectiva e **encuentro**.

Desde a perspectiva da musicoterapia social, o Grândola permitiunos comprobar algo fundamental:

“
*unha soa canción pode activar lembranzas,
emocións, identidades e vínculos e facer
que centos de persoas se recoñezan,
durante uns minutos, como parte
dunha mesma comunidade.*

”
A experiencia, pioneira no seu contexto e posteriormente replicada en diferentes puntos da xeografía galega, deixounos unha pregunta:

**E SE O GRÂNDOLA NON FOSE O PUNTO DE CHEGADA,
SENÓN O PUNTO DE PARTIDA?**

Porque existen moitas outras cancións capaces de mobilizar territorios enteiros:
Cantiga de Camariñas. • Fisterra. • Catro vellos mariñeiros. • Vivir na Coruña.
Pontevedra é boa vila. • Os meus amores. • O Himno Galego...

Cada territorio ten cancións que lle pertencen.
A Cantata Comunal propón volver poñelas no centro da praza.





COMO SE CONSTRÚE UNHA CANTATA COMUNAL?



1



1. Selección da canción

Unha canción que pertenza ao territorio.

2



2. Preparación e activación da comunidade

Antes de cantar xuntos, hai que encontrarse.

3



3. Escala e deseño

Cada territorio necesita a súa propia Cantata.

4



4. Encontro e interpretación

Chega o momento de ocupar a praza.

5



5. Memoria e documentación

O acontecemento remata. A experiencia permanece.

*Escoller unha canción. Convocar unha comunidade.
Preparar o encontro. Ocupar a praza. Deixar memoria.*





CANTATA COMUNAL



Unha canción. Unha praza.
Toda unha comunidade.



Se tes unha canción que vos representa, un lugar onde a compartir
e unha comunidade que quere facelo posible, [escribídenos](#).

Imos cantar xuntos.



MAIS CANTOS

Cantar xuntos para crear comunidade



(+34) 647647404



nelson.quinteiro@gmail.com